



21DCGerais SXPL

REFLEXIÓN 1

Hoxe terás que realizar a túa **primeira gravación de reflexión**.

Lembra que, nestes vídeos que deberás gravar en solitario ao final do día, o que realmente importa é a túa sinceridade e capacidade de análise. Non necesitamos que nos contes o marabilloso que é o galego, **ben o sabemos!**

A continuación amosámosche unha serie de preguntas que poden orientar e guiar a túa reflexión. Ten en conta que debes falar un mínimo de 2 minutos.

- Que usos fas ti habitualmente do galego?
- Que che parece a proposta dos 21 Días co Galego e +?
- Cres que che será moi doado ou moi difícil para ti?
- Se non falas galego de forma cotiá. Veste capaz de chegar a falar 24 horas en galego dende o primeiro día?
- Cres que o lograrás antes do último día?
- Que reaccións percibiches entre o resto da túa clase ou na casa?
- Que pasos deches xa hoxe para seguir a proposta?
- Pensas ampliar progresivamente os usos ou tentas xa falar galego sempre?
- En que ámbitos (escola, amizade, familia, lecer...) ou con que tipo de persoas cres/sabes que che custará máis?
- Agora establece 3 retos concretos para o teu avance como galegofalante. Lembra que se ti xa es galegofalante os teus retos serán de que 3 maneiras vas axudar o resto das túas compañeiras e compañeiros.